

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 30 DE NOVEMBRO DE 2007.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as nove horas do día trinta de novembro do ano dous mil sete, tivo lugar a sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D. Miguel A. Español Otero.
- Dna. Montserrat Magallanes Álvarez.
- D. Paulino Rodríguez González.
- D. Antonio Lomba Baz.
- D. Manuel Javier Crespo González

Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M<sup>a</sup> Carrasco Glez.- Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTAS SESIÓNS ANTERIORES.-(Ord. 02/11/1007 e Ord. 09/11/07)).

O Sr. Presidente pregúntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer ás actas correspondentes ás sesións celebradas os pasados días 02/11/2007 e 09/11/2007, manifestando os concelleiros que non teñen que facer ningunha observación polo que as actas son aprobadas pola unanimidade dos presentes.

PUNTO 2.- INSTANCIAS E CORRESPONDENCIA

Dase conta do escrito RE 8.499 de data 28 de novembro de 2007, presentado polo CONCELO DE TUI, xuntando cédula de notificación do consumo de auga do mes de outubro de tal xeito que o mesmo ascende a 11.339,69 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dito consumo e que se proceda o seu pago.

Dase conta do escrito RE 8.543 de data 29 de outubro de 2007, presentado por DNA. M<sup>a</sup> DOLORES NEIRA LÓPEZ – PROCURADORA DOS TRIBUNAIS,

con enderezo na Avda. de Arteixo, nº 10-2º Esq de A Coruña, xuntando copia do Auto dictado pola Sección 2ª da Sala do Contencioso do TSXG no recurso de apelación nº 4306/2006.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Dase conta do escrito RE 8.421 de data 26 de novembro de 2007, presentado por DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL, notificando a resolución do Director Xeral de non autorizar a desmontaxe da estrutura existente e a formación de nova estrutura con viguetas de formigón na Capela de San Caetano.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Lese o escrito RE 8.403 de data 23 de novembro de 2007, presentado por DNA. JUANA FERNÁNDEZ ESPAÑOL, con enderezo na rúa Baliños, nº 15 de A Guarda, presentando queixa polo presenza de cans soltos no municipio.

A Xunta de Goberno Local sinala que se está traballando para adoptar as medidas pertinentes confiando que en breve o problema estará resolto.

Dase conta do escrito RE 8.415 de data 26 de novembro de 2007, presentado por DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN E COLOCACIÓN DA CONSELLERÍA DE TRABALLO, xuntando copia da resolución do Director Xeral de Formación e Colocación pola que se resolve a solicitude deste Concello de homologación de especialidades de Formación Ocupacional, dacordo do Decreto 158/2001 polo que se regula o procedemento para a homologación de especialidades formativas.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Lese o escrito RE 8.431 de data 26 de novembro de 2007, presentado por D. MANUEL COEDO MARTÍNEZ, solicitando que se tomen medidas reformando os pasos de peóns co fin de que os condutores se vexan obrigados a reducir a marcha do vehículo para garantir a seguridade dos viandantes.

A Xunta de Goberno Local sinala que se vai a proceder a un estudio sobre a viabilidade desta medida e os puntos axeitados para colocalos.

Lese o escrito RE 8.459 de data 27 de novembro de 2007, presentado por D. MANUEL VICENTE VICENTE, con enderezo na rúa de Cruces, nº 47 de O Rosal, solicitando que se lle informe da data na que se colocou a sinal de STOP no entronque da 1ª Transversal Bechos – Rúa Galicia.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado á Policía Local para que informe.

Dase conta do parte de Denuncia interposta por Dna. Pilar Castro Lomba, con enderezo na rúa Marouco de Palla, nº 29 de A Guarda, pola caída sufrida na rúa Donantes de Sangue ó tropezar cos restos dun poste da rede eléctrica, solicitando o abono dos gastos derivados da mesma.

A Xunta de Goberno Local acorda incoar expediente re responsabilidade patrimonial e dar traslado desta denuncia a Unión Fenosa.

Lese o escrito RE 8.472 de data 27 de novembro de 2007, presentado por DNA. IGNACIA ÁLVAREZ GARCÍA, con enderezo na rúa República Dominicana, nº 30-1º de A Guarda, solicitando a colocación dun contenedor de vidro na rúa Transversal Bouzó.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 8.524 de data 29 de novembro de 2007, presentado por D. IVÁN FERNÁNDEZ CORREA, con enderezo na rúa de Subida a San Vicente – Marzán, nº 17 do Rosal, solicitando copia das denuncias veciñais interpostas contra o local denominado GUESS.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado e se lle dará traslado das mesmas.

Dase conta do informe da Traballadora Social relativo á proposta de axuda para V. S. J con cargo a partida presupostaria de Emerxencia Social para facer fronte os gastos farmacéuticos derivados do nacemento da súa filla.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Vista comunicación feita pola Deputación Provincial de Pontevedra relativa a convocatoria 2007 prevista no correspondente Programa Operativo Rexional de Galicia de axudas FEDER, a Xunta de Goberno Local acorda:

- A adhesión aos proxectos de desenvolvemento local e urbán durante o periodo de intervención 2007-2013, que presente a Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude da convocatoria 2007, prevista no correspondente Programa Operativo Rexional de Galicia, de axudas FEDER, dentro do eixe 5 “Desenvolvemento local e urbano”.
- Dar conta no próximo pleno que se celebre para a súa ratificación.

Asiste o funcionario do Concello D. José M<sup>a</sup> Álvarez Álvarez.

### PUNTO 3- OBRAS MENORES

A Xunta de Goberno Local, tralo informe do técnico municipal, co orzamento fixado por este e conforme ó que xa foron ingresados nas arcas do Concello os correspondentes impostos e taxas locais, pola unanimidade dos presentes, e sen prexuízo de terceiros, acordou acceder á realización da obra que se sinala, non podendo iniciarse as obras ata que o técnico municipal as inspeccione previamente, debendo avisalo solicitante ó Concello con antelación suficiente.

A D. MIGUEL LÓPEZ BLANCO, R.E. N<sup>o</sup>. 6.996 DE DATA 28 DE SETEMBRO DE 2007, E CON DOMICILIO NA PRAZA DE SAN ROQUE N<sup>o</sup>. 3 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA CONSTRUCCIÓN DE MURO DE PECHE NUNHA LONXITUDE DE 90,00 MTS. DE MURO DE PERPIAÑO E 36,00 MTS. DE MURO DE MAMPOSTERÍA NA FINCA SITA NA PRAZA DE SAN ROQUE N<sup>o</sup>. 3, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE “SAN ROQUE” DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA N<sup>o</sup>. 9 DO P.X.O.U.).

### PUNTO 4.- OBRAS MAIORES

A Xunta de Goberno Local, tralo informe do arquitecto técnico do Concello, acorda acceder ó solicitado polas persoas que se citan, tendo que cumprilo interesado as seguintes condicións:

1.- De conformidade co disposto no decreto 311/93, a vivenda terá que obter deste Concello, trala visita e informe técnico para o respecto, A LICENCIA DE 1<sup>a</sup> OCUPACIÓN, requisito indispensable para ocupa-la vivenda; trámite este que se producirá con independencia da presente licencia, e que terá que ser solicitada ó Concello por vía de instancia oficial, facendo constar que a inexistencia da licencia de 1<sup>a</sup> ocupación non permitirá a conexión ós servizos de auga, luz, etc., tendo que ser solicitados os citados servizos a través da correspondente instancia ó Concello, e unha vez obtida a licencia de 1<sup>a</sup> ocupación.

2.- O titular da presente licencia de obras terá que colocar a pé de obra un cartel indicativo da mesma, de 1,20 x 0,85 mts, co núm. de licencia, data do seu outorgamento, redactor do proxecto e aparellador, así como nome e apelidos do propietario e mailo contratista da obra.

3.- A presente licencia caducará:

- Se transcorresen seis meses sen que as obras fosen iniciadas.
- Se as mesmas non se rematasen no prazo de 3 anos.

Ámbolos dous prazos contaránse a partir do día seguinte á notificación da presente licencia.

4.- Acórdase a aprobación provisional do Imposto de Construcións e Obras e Taxa de Licencia de Obras, segundo a autoliquidación practicada, podendo ser a mesma revisada polo Concello.

5.- As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (Condições das obras en relación coas vías e servizos públicos) e 2.5.14 (valado das obras) recollidas no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

6.- As obras autorizadas só poderán ser realizadas por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

7.- Unha vez iniciadas obras e inmediatamente despois do enrase e formigonado da cimentación, polo propietario ou no seu caso polo contratista, solicitarase do concello a presenza do técnico municipal, para revisa-lo axeitado das obras á licenza concedida, o que se volverá a realizar unha vez executada a cubrición.

8.- A licenza outórgase sen prexuízo de terceiros.

A D<sup>a</sup>. SOCORRO NIEVES FLORES COSTA, R.E. N<sup>o</sup>. 2.080 DE DATA 28 DE MARZO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE GALICIA N<sup>o</sup>. 85-4<sup>o</sup> A DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA CONSTRUCCIÓN DE “VIVENDA UNIFAMILIAR” COMPOSTA DE (PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA), SITA NO LUGAR DE CENTEARES, S/N., EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE “ROSENTES” DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA N<sup>o</sup>. 9 DO P.X.O.U.).